

Salidas de Emergencia

Dossier informativo



ESCAPARATE

"ETERNAMENTE EXPOSTAS TRAS UN VIDRO"

Texto: **Marta Mato**

Dirección e Reparto: **Marta Mato, Iria Mourón**

Fotografía: **José Manuel Teijeiro**

www.facebook.com/salidasdemergencia/

0 ESCAPARTE

Índice

Presentación.....	2
A idea.....	5
Sinopse.....	6
Programa e obxetivos.....	7
Notas.....	8
Ficha artística-técnica.....	10
Fotografías.....	11
Contacto.....	18

O ESCAPARATE

Presentación.

Salidas de Emergencia é un dúo teatral que formamos **Marta Mato** e **Iria Mourón** no ano 2012. Durante os primeiros anos da nosa traxectoria dedicámonos ó teatro cómico, xénero no que nos atopamos moi cómodas, e onde sempre procuramos o contacto máis directo co público, actuando en salas e locais pequenos.

As nosas pezas son produccions propias, polo tanto, o texto, vestiario, escenografía e todo o que conleva unha montaxe, está desenvolto por nós mesmas. A creatividade é unha das características que nos definen, xunto cos coñecementos obtidos ó longo da nosa carreira como compañía independente.

Neste último período, os nosos procesos creativos déron-nos, como resultado, traballos cun discurso social sólido, que cremos que resulta interesante dar a coñecer. Deste modo, nace a peza **“O Escapate”**, que fai fincapé no concepto dos estereotipos físicos e de conduta creados pola sociedade, ós que se lle deron unha función sexista.

“O Escapate” foi interpretado en salas pequenas ao longo de todo este ano, e puidemos comprobar a súa función constructiva.



Salidas de Emergencia



Iria Mourón

Sendo graduada en Relacións Laborais e Recursos Humanos, dedicou parte da súa vida á **formación interpretativa**, principalmente, do **teatro textual**, complementándoo con disciplinas como **teatro xestual** e **teatro musical**. No 2010 realiza o primeiro curso de Arte Dramática na **ESAD** (Vigo) e volve a Coruña para continuar a súa formación na **Asociación Cultural Manicómicos**.

Subida ós escenarios dende o colexio, no transcurso da súa infancia ata a actualidade, formou parte do elenco de grupos como **Libélula**, **Inquietas Compañía Artística** ou **Grupo Caruncho Teatro**, participando tamén en produccions como **Don Juan Tenorio en Femenino** ou **Cabaret sin piedad**, representadas no Teatro Colón de A Coruña.

Foi **presentadora** en numerosas mostras de música e danza, ademáis de realizar traballos de acting e animación en festas infantís e outros eventos.

En audiovisual, participou en videoclips de **La Dance** e **La Senda de Afra** e máis en curtametraxes como **In Memoriam** ou **Apocalipsis**. Actualmente, formou parte, como protagonista, no reparto da curta **Las Flores Grises**, iniciando, ademáis, un curso de formación de interpretación ante a cámara, impartido por **Daniel Currás**, na **Tuerka Films**.

O ESCAPARATE

Marta Mato

Comeza a súa formación actoral no ano 2009 con Carlos Neira, na súa escola de Santiago de Compostela. Compaxina os seus estudos co seu traballo de **administrativa** en A Coruña, durante catro anos. Neste periodo tamén engade á súa formación o estudo de **clown e teatro xestual**, con Manicómicos, en A Coruña.

Despois dun periodo de aprendizaxe, forma, xunto a Iria Mourón, o dúo “**Salidas de Emergencia**”, no ano 2012.

Dende entón, realizou numerosos traballos de **teatro textual, café-teatro, teatro cómico, clown e pezas experimentais**. Así como, **acting, pasarrúas, animación**, etc. En audiovisual, traballou en **publicidade e tivo pequenas intervencións en series da televisión, a nivel nacional**.

En constante formación, engade ós seus estudos de artes escénicas e audiovisuais, **formación de guión** con Chema Gagino e, no terreno da interpretación, seguiu formándose con xente como Daniel Currás ou José Luis Ferrer.

No ano 2017 finaliza o **Ciclo Superior de Producción de Audiovisuales y Espectáculos** na Escola de Imaxe e Son de A Coruña.



Salidas de Emergencia

O ESCAPARATE

A idea

"O Escaparate" é unha peza que aborda o tema da búsqueda da persoa e a súa posición na sociedade. A **ruptura de estereotipos sociais** convértese na idea central a cal se teñen que enfrontar as dúas protagonistas. Creadas polo ser humano, son o ideal social da muller e representan a perfección do que "debe ser".

O traballo está realizado dende o punto de vista analítico, que pon en conflito o ideal social da persoa coa verdadeira natureza da mesma.

Desta forma, invítase ó público a reflexionar e revisar os prototipos sociais que non sempre teñen que ser acertados.

O desexo de liberdade e o medo a ela, é o maior conflito que sofren as personaxes atrapados tras un vidro. Vendo pasar o mundo diante dos seus ollos, poden observar que hay mulleres con corpos non "perfectos" que camiñan pola rúa despeinadas e sen "estilo".



Salidas de Emergencia

O ESCAPARATE

Sinopse

Nun **mundo inanimado** desenvólvese a historia das protagonistas, dous maniquís, que viven limitadas ós desexos dos seus creadores. Non teñen nome nin identidade, simplemente foron creadas para ser expostas, vestindo as súas mellores galas, ante os ollos dos viandantes. Teñen claro cal é a súa misión na vida e, ante todo, cal é o seu destino; o cubo do lixo.



Limitadas pola plataforma na que están expostas, miran os días pasar quedas, orgullosas da súa fin na sociedade e **conscientes das vantaxes estéticas que teñen respecto ás mortais**; sintense superiores, pero á vez saben que, tras do vidro que as separa da civilización, hay un mundo novo, distinto e atractivo ao que elas non poden acceder. Un día, unha das maniquies estoupa e deixa fluir a súa inqueda que a tiña martirizada: **"Quero ser unha muller de verdade"**. Con esta confesión, ábrese a brecha que cambiará o destino de ámbalas dúas, temerosas de transgredir as normas e saír da súa zona de confort, para poder alcanzar esa liberdade da que foron privadas por soamente existir.

Con esta peza, o público terá a oportunidade de descubrir o que realmente acontece tras do vidro dun escaparate. En clave de crítica e a través da fantasía, **analízanse distintos aspectos da sociedade actual** e faise un chamamento á ruptura de estereotipos.

Salidas de Emergencia

O ESCAPARATE

Programa e obxectivos

O programa divídese en **dúas partes**:

- **Interpretación** da peza “O Escaparate”.
- Breve **exposición en clave teatral** onde se analiza o papel que desempeñou a muller nas distintas etapas históricas, o cambio de rol que está a vivir actualmente na sociedade e as pautas de comportamento que se lle foron esixindo.
- **Sinxela e breve** actividade interactiva sobre o tema.
- Rolda de **preguntas**.

Duración do programa: 75 min aprox.

Os **obxectivos** que se plantexan son:



- Crear o hábito de debater temas sociais con criterio e fundamento.
- Sensibilizar ao público do problema real que implica o feito de ter unha obsesión coa imaxe física.
- Analizar as ideas xeneralizadas que ten a sociedade sobre os roles femininos e masculinos.
- Convidar a reflexionar sobre a liberdade que toda persoa posúe e o que ésta implica.

Salidas de Emergencia

Nota

O **canon de beleza** feminina desenvolveuse de diferente forma ao longo da historia. A muller estivo sometida a distintas modas dependendo do tempo no que lle tocara vivir. Na actualidade, as grandes empresas dedicadas á moda e á beleza fomentan un estereotipo físico moi claro e que, nalgúns casos, pode ser perigoso para a saúde. Estes “ideais” de beleza non só son exclusivos para as mulleres, os homes vense tamén sometidos a estos cánones, estando, cada vez, máis preocupados polo seu aspecto físico que antes.

Pensamos que a **ruptura de estereotipos** é unha das bases para unha sociedade máis sa e natural, sendo algo que, sen lugar a dúbidas, minoraría a infelicidade da persoa. Sen embargo, somos conscientes de que esta ruptura é complicada debido a que, o ideal de beleza estipulado, forma xa parte do **inconsciente colectivo**.

A pesares disto, cremos que é importante coñecelo e saber que existe. Reflexionar sobre os patróns sociais, é imprescindible para poder afrontar o día a día no mundo actual, demasiado competitivo e individualista.

Tamén, é importante analizar, non só os estereotipos físicos, se non tamén os **psicolóxicos e de conduta**, porque é outra forma de definir o “ideal”, ademais de que están directamente relacionados entre sí.

Co noso traballo, queremos reflexionar e expoñer de que forma os esteriotipos están impostos pola sociedade. Estereotipos que non teñen por qué ser seguidos, se non que está na liberdade da persoa telos por bos ou non.



O ESCAPARATE

Notas

"A sociedade que nos rodea e na que nos desenvolvemos, inflúe incesantemente na nosa maneira de pensar, sentir e comportarnos"

Prf. Cecilio del Peso García. Universidade de Málaga

"A vida non é algo predeterminado, se non que é o resultado do que elixa cada un"

Aurora del Prado, Psicóloga e Sexóloga

"E se o día de mañán as mulleres se despertasen convencidas de que lles gusta os seu corpo? Imaxínaste todas as empresas que quebrarían?"

Dra. Gail Dines

"Comeza agora. Comeza onde estás. Comeza con medo. Comeza con pena. Comeza con duda. Comeza axitando as mans. Comeza coa voz tremolosa, pero comeza. Comeza e non pares. Comeza onde esteas, co que teñas. Só...comeza"

Ijeoma Umebinyuo, poetisa

"Quedarse no coñecido por temor ao descoñecido, equivale a manterse con vida pero non vivir"

(Anónimo)

Salidas de Emergencia

O ESCAPARATE



Ficha artística-técnica

Nome: O Escapate.

Dirección: Iria Mourón e Marta Mato.

Reperto: Iria Mourón e Marta Mato.

Idea orixinal: Iria Mourón e Marta Mato.

Texto: Marta Mato.

Vestuario e maquillaxe: Iria Mourón.

Xénero: Comedia.

Rango de idade: A partir de 12 anos.

Duración: 75 minutos.

Dimensións mínimas escenario: 4 metros (boca) x 4 metros (fondo).

Tempo mínimo necesario de montaxe e desmontaxe: 90 minutos (montaxe), 40 minutos (desmontaxe).

Equipo técnico de iluminación:

- 3 varas de iluminación (frontal, contras e medio)
- 8 proxectores de tipo PC de 1000W con viseiras.
- 6 proxectores de tipo PAR-64 de 1000W.
- 2 Recortes de 1000W.
- Mesa de iluminación programable con protocolo DMX
- Cableado suficiente para todos os proxectores.

Equipo técnico de son:

- Mesa de son con entrada minijack.
- 2 Altavoces para a Sala.
- 2 micrófonos inalámbricos.

(O traballo adaptaríase os espazos e recursos técnicos dispoñibles se fose necesario).

Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Salidas de Emergencia



0 ESCAPARTE



Solidos de Emergencia

0 ESCAPARATE



Contacto

Salidas de Emergencia

Iria Mourón

Telf: 697 273 178

Mail: iria.mouron.perez@gmail.com

Marta Mato

Telf: 654 255 399

Mail: martamatovilaboy@gmail.com

www.facebook.com/salidasdemergencia

Salidas de Emergencia